

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 30 de setembro de 2016**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
D. Angel Rivas González.

**Invitados**

D. José Manuel Fernández Pérez  
D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dezaioito minutos do día trinta de setembro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(992).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(923).- TOMA DE RAZÓN DA EXCLUSIÓN DE SIELVIGO S.L. DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E RÉXIME DE ALUGUEIRO DE ELEMENTOS PARA A ILUMINACIÓN DE NADAL E DECLARACIÓN DE DESERTO DO CITADO PROCEDEMENTO. EXPTE. 3007/106.**

Dáse conta do informe-proposta do 28/09/16, da xefa do servizo de Contratación-secretaría da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

**“NORMATIVA DE APLICACIÓN**

-Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

-Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña ó TRLCSP.

-Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

**ANTECEDENTES**

Único.- A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 26 de setembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

**1.- Incidencia**

- a) Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos para a iluminación de Nadal (3007-106) - (Proposta de exclusión e declaración do procedemento deserto)

Dáse conta do informe do xefe de área de servizos Xerais, de data 23 de setembro de 2016, no que se pon de manifesto que o único licitador admitido no procedemento de referencia ofertou un prezo de contrato superior ao máximo fixado no apartado 3.A da Folla de especificacións do contrato do PCAP.

A secretaria, na súa calidade de xefa do servizo de Contratación, manifesta neste acto que verificouse polo servizo que non existe ningún erro nos anuncios relativos a este procedemento publicados no perfil do contratante e nos diarios oficiais, que houbera podido conducir a error ao licitador a hora de ofertar o prezo do contrato.

A Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

*“1º.- Excluir a SIELVIGO, S.L., do procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos para a iluminación de Nadal (3007-106), por ter excedido a súa oferta*

*o prezo do contrato fixado no apartado 3.A da Folla de especificacións do contrato do PCAP.*

*2º.- Dar conta á Xunta de Goberno Local da exclusión acordada no punto anterior.*

*3º.- Propoñer á Xunta de Goberno Local que declare deserto o procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos para a iluminación de Nadal (3007-106) por mor da exclusión do único licitador que presentouse á licitación”.*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- A Mesa de Contratación é competente para determinar os licitadores que deban ser excluídos do procedemento por non acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, tal e como determina o artigo 22 do Real Decreto 817/2009 ó fixar as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que á presente licitación so presentouse un licitador, a exclusión da mesma supón a conseqüente declaración de deserto do procedemento, declaración competencia do órgano de contratación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda do TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

*“1º.- Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación de 26 de setembro de 2016, de “Excluír a SIELVIGO, S.L., do procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos para a iluminación de Nadal (3007-106), por ter excedido a súa oferta o prezo do contrato fixado no apartado 3.A da Folla de especificacións do contrato do PCAP”.*

*2º.- Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos para a iluminación de Nadal (3007-106) por mor da exclusión do único licitador que presentouse á licitación”.*

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(924).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO LOTE 1 DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DE COMESAÑA E MEIXOEIRO (2 LOTES). EXPTE. 14667/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23/09/16, dáse conta do informe-proposta do 15/09/16, da técnica de Admon. Xeral-secretaría da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

### **“LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de mantemento e reparación dos campos de fútbol municipais de Comesaña e Meixoeiro (2 lotes) (14667-333)

#### ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 22 de xullo de 2016, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Excluir do procedemento aberto para a contratación das obras de mantemento e reparación dos campos de fútbol municipais de Comesaña e Meixoeiro (2 lotes) (expediente 14.667-333), por ter presentado ofertas con valores anormais ou desproporcionados, aos seguintes licitadores:*

*Lote 1:*

- INNTIS INGENIEROS CONSTRUCTORES SL
- CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS SL
- NAROM, SL

*Lote 2:*

- ORESA, SL
- INNTIS INGENIEROS CONSTRUCTORES SL
- CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS SL
- CONSTRUCCIONES FECHI SLU
- COPCISA SA

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

*LOTE Nº 1: “Reparación e mantemento no campo de fútbol de Comesaña”:*

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	95,96
2	COPCISA, S.A.	93,00
3	ACEVI, S.L.	87,10
4	MONTAJES IGLESIAS, S.L.	85,99
5	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	85,55
6	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	84,78
7	ORECO SA	81,22
8	CONSTRUCCIONES LEMOS MARTINEZ S L	80,15
9	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	75,50
10	CIVIS GLOBAL	60,84

*LOTE Nº 2: "Reparación e mantemento no campo de fútbol do Meixoeiro":*

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	95,17
2	CIVIS GLOBAL	94,61
3	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	94,00
4	ACEVI, S.L.	93,67
5	NAROM, S.L.	92,36
6	MONTAJES IGLESIAS, S.L.	92,21
7	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	90,76
8	CONSTRUCCIONES LEMOS MARTINEZ S L	83,51
9	ORECO SA	82,31
10	MECANO SPORT S L	69,03

*Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. (lote 1) e DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Terceiro.- Requirir aos citados licitadores o aboamento de 739,22 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".*

*Segundo.- Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. (lote 1) e DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (lote 2) o día 25 de agosto de 2016, que presentan a documentación requirida o 1 de setembro e o 31 de agosto de 2016, respectivamente, dentro do prazo sinalado.*

*Terceiro.- A Mesa de contratación na sesión do 7 de setembro de 2016 revisou a documentación presentada, sendo correcta a de CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. (lote 1) polo que se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación dese lote. No entanto, revisada a documentación presentada por DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (lote 2), a Mesa acorda requirirle nova documentación na que aclare o obxecto da póliza do seguro de responsabilidade civil, importe e prazo de vixencia. Así mesmo, deberá achegar recibo de pagamento do seguro.*

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da*

documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar no lote 1 como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. (lote 1), de acordo cos informes de valoración da oferta técnica e económica do 22 de xuño e 13 de xullo de 2016, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U., o procedemento aberto para a contratación das obras do Lote 1. “Reparación e mantemento no campo de fútbol de Comesaña” coas seguintes condicións:*

- O prezo total do contrato é de 62.001,71 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.760,63 euros.*
- O prazo de garantía increméntase en 96 meses.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(925).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DA SUBVENCIÓN PARA FOMENTAR OS VALORES SOCIAIS DO DEPORTE COMO ACTIVIDADE DE OCIO ENTRE A POBOACIÓN ESCOLAR, COLECTIVOS DE DISCAPACITADOS E PERSOAS ECONOMICAMENTE DESFAVORECIDAS, FACILITANDO O SU ACCESO AO ESTADIO DE BALAÍDOS, TEMPADA 2016-2017. EXPTE. 15294/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 08/09/16 e o informe de fiscalización do 29/09/16, dáse conta do informe-proposta do 07/09/16, do coordinador deportivo, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1. *"A labor de fomento dos valores sociais do deporte como actividade deportiva e de ocio entre a poboación escolar e colectivos de discapacitados, atopase vinculada directamente na proposta de facilitar a presenza dos máis desfavorecidos economicamente en competicións futbolísticas de alto nivel. En relación a esta actuación o Concello de Vigo desenvolveu durante a tempada 2016/17 este proxecto en colaboración co RCC, cunha resposta social moi grande, posibilitando que deste xeito poderán acceder ao estadio e presenciar sen custe algún os partidos de Liga disputados polo Real Club Celta de Vigo, SAD.*
2. *O obxecto da convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.*
3. *Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión da subvención nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.*
4. *Así mesmo, atendendo ó establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e tendo en conta a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións e o traslado do seu extracto ao diario oficial correspondente, deberá aprobarse o texto do extracto e da convocatoria de subvencións que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, e que se anexan ó expediente. Considerando tales preceptos legais, axúntanse como anexos na proposta de aprobación o texto da convocatoria e o extracto da mesma, tal como establece o punto cuarto da Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.*
5. *O Real Club Celta de Vigo, SAD, institución deportiva fundada no ano 1923 é o equipo de maior relevancia e representativo da cidade de Vigo, e como tal identifícase como un motor de desenvolvemento da afección dos vigueses ao deporte; terreo no que realiza unha importante labor, cun intenso esforzo deportivo e lúdico, que se estende a meirande parte da cidadanía viguesa.*
6. *En relación a dito proxecto e de acordo coas memorias de execución, o Concello de Vigo atendeu este programa distribuíndo as devanditas entradas nos seguintes termos:*

- 1.300, das que 1.100 entradas serán destinadas a escolares dos colexios públicos e distribuídas a través da Federación de Asociacións de Nais e Pais (FOANPAS), e 200 serán destinadas a escolares de centros concertados da cidade de Vigo, en ambos casos de educación primaria, e os seus acompañantes maiores de idade.
  - Trinta e cinco entradas (35) distribuídas entre persoas afectadas por discapacidades psíquicas e menores residentes en centros de acollida e os seus acompañantes maiores de idade.
  - Duascentas corenta e cinco entradas (245) distribuídas entre persoas en situación de desemprego.
  - Vinte entradas (20) entre voluntarios do Concello de Vigo que realizarán funcións de acompañamento, información, correcta ubicación dos asistentes e atención a boa orde da grada.
7. O Real Club Celta de Vigo, SAD ven de presentar con data 24 de agosto un escrito para o desenvolvemento dun proxecto de colaboración coa finalidade da promoción deportiva do fútbol a través da adquisición das entradas da grada de "gol" do estadio de Balaidos para a totalidade dos partidos de fútbol a desenvolver durante a tempada 2016/2017. Dita proposta ascende a cantidade total de 159.680,00 euros, (ive incluído de 27.713,06 €).

*Dita proposta concorda co interés do Concello de Vigo en promover o deporte, e o fútbol en particular, como tal e como actividade de ocio tanto entre a poboación escolar e colectivos de discapacitados, como entre persoas economicamente desfavorecidas. Esta proposta contempla a posibilidade de continuar coa acción de fomento do deporte mediante a adquisición de 1.600 entradas da Grada de Fondo (GOL) para cada un dos partidos que o RCC disputará no estadio municipal de Balaidos durante a tempada 2016/2017, tanto para a competición de LIGA, como para a competición de COPA, UEFA, e outros partidos de amistosos durante a tempada deportiva.*

*Polo exposto tendo en conta que como mínimo se celebrarán 20 partidos, o número de entradas a adquirir serán 32.000; que polo prezo total de 159.680,00 euros, fan unha estimación dun prezo unitario por entrada de 4,99 €. -IVE incluído-.*

8. Os partidos incluídos na proposta son todos os que dispute o RCC na tempada 2016/2017, vinculados as competicións de LIGA, COPA, UEFA e amigables, polo cal estimase un mínimo de 20 partidos, ademais de outros encontros de carácter amistoso que poda desenvolver o RCC en Balaidos dentro do ámbito da propia tempada ou pretempada deportiva 2016/2017.
9. A adquisición polo Concello de Vigo das entradas (32.000) para a "Grada de Fondo" do estadio municipal de fútbol de Balaidos coa finalidade de promover o deporte e o fútbol en particular como deporte e como actividade de ocio entre os colectivos arriba indicados se enmarca dentro da denominada actividade administrativa de fomento que as Administracións públicas poden promover mediante a concesión de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ao Ente público; actividade de fomento que, en relación coas Corporacións locais de Galicia se recoñece no artigo 294 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia; e dentro desta na categoría



*técnica de subvención, definida nos artigos 2 de la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 2 da Lei 9/2007, de 13 de junio, de Subvencións de Galicia, de acordo co disposto nas disposicións adicionais quinta e terceira das devanditas Lei Xeral de Subvencións e de Subvencións de Galicia e artigo 3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, por canto se trata de entradas para a obtención dun servizo — espectáculo deportivo—, que se adquiren coa finalidade exclusiva de entregalas a terceiros que haberán de cumprir os requisitos establecidos nas letras a), b) e c) do artigo 2.1 das ditas leis xeral e galega de subvencións.*

10. *E isto, por canto, a Administración municipal, de acordo co artigo 25.2.I da LRBRL, na nova redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, ten atribuída, entre outras, competencia en materia de promoción do deporte e a ocupación do tempo libre; porque a adquisición das entradas o é para para para o exercicio desta competencia de promoción do deporte — neste caso o fútbol— e o fomento de adecuadas actividades de ocio — sexa o deporte practicado ou o deporte presenciado— entre os colectivos indicados; porque o exercicio desta competencia de fomento entre os colectivos a que se dirixe a actuación considérase de interés social toda vez que o fútbol profesional é, hoxe en día, un fenómeno social plenamente incorporado dentro do gran espectro do ocio, cunha gran capacidade para transmitir e promover os valores que o deporte encarna como son a saúde física, o esforzo, a paciencia, a superación, a deportividade, o traballo en equipo ou o éxito persoal e colectivo; porque a promoción da practica do deporte e os seus valores entre a poboación escolar e os colectivos de discapacitados, aos que na súa meirande parte se dirixe a subvención, a vez que que se promove entre os mesmos unha adecuada actividade de ocio — sexa, segundo vai dito, o deporte practicado ou o deporte presenciado— enténdese que reviste a nota de interés público que ampara a concesión da subvención e, en fin, porque promover un espacio de ocio da maior calidade, aínda que sexa ocasionalmente, a favor persoas que non poderían ter acceso a el por razón da súa situación económica considérase tamén, tanto pola súa entidade como porque tal acción supón a remoción do obstáculo económico que provoca a desigualdade no acceso ao mesmo, unha actuación proporcionada amparada polo interés público necesario para xustificar a subvención a estes.*

*E, por último, porque é o nivel da competición na que milita o Real Club Celta e a importancia dos espectáculos deportivos que se celebran no estadio de Balaidos o que posibilita a consecución dos obxectivos que persegue a acción de fomento que nos ocupa.*

11. *O procedemento de concesión da subvención será o de concorrencia competitiva, nos termos que se conteñen nas bases reguladoras que figuran no anexo da presente proposta de acordo.*
12. *O prezo proposto polo Real Club Celta de Vigo, SAD para a adquisición das entradas é conforme aos prezos de mercado para as entradas a que se refire a oferta.*
13. *Con todo, a oportunidade desta medida de fomento e, daquela, a adquisición das entradas ofertadas polo Real Club Celta de Vigo, SAD, deberá ser valorada pola Xunta de Goberno Local, no exercicio da súa función de goberno municipal, canto as*

competencias que a Lei de Bases do Réxime Local lle atribúe, como é a que nos ocupa, e dos principios de eficacia na consecución dos obxectivos propostos e eficiencia na asignación dos recursos públicos.

14. Para o caso de que a Xunta de Goberno Local considere procedente acometer a dita medida de fomento procederá a adopción do seguinte

Previamente a sometelo á aprobación da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, procede o informe xurídico previo e tamén debe emitir informe de fiscalización favorable, a Intervención Xeral.

Por último, para o caso de que a Xunta de Goberno Local considere procedente acometer a dita medida de fomento dos valores sociais do deporte como actividade deportiva e de ocio entre a poboación escolar e colectivos de discapacitados, vinculada directamente na proposta de facilitar a presenza destes colectivos, en competicións futbolísticas de alto nivel procederá a adopción dos seguintes:

#### ACORDOS

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras da subvención para o fomento dos valores sociais do deporte como actividade deportiva e de ocio entre a poboación escolar e colectivos de discapacitados, para facilitar a asistencia destes colectivos, ao estadio de Balaidos para presenciar, desde a denominada grada de Fondo do estadio, dos partidos que disputará o Real Club Celta de Vigo na tempada deportiva 2016-2017 da División de Honra de Fútbol; nas competicións de LIGA, COPA, UEFA e amigables.

Segundo.- Aprobar o texto da convocatoria da subvención, e o seu extracto, para o fomento dos valores sociais do deporte como actividade deportiva e de ocio entre a poboación escolar e colectivos de discapacitados, para facilitar a asistencia destes colectivos, ao estadio de Balaidos para presenciar, desde a denominada grada de Fondo do estadio, dos partidos que disputará o Real Club Celta de Vigo na tempada deportiva 2016-2017 da División de Honra de Fútbol; nas competicións de LIGA, COPA, UEFA e amigables.

Terceiro.- Iniciar co dito obxecto as actuacións conducentes á adquisición ao Real Club Celta de Vigo, SAD de 1.600 entradas por partido para á Grada de Fondo do estadio de Balaidos, para que os beneficiarios da subvención podan presenciar os partidos que disputará o Real Club Celta de Vigo na tempada deportiva 2016-2017 da División de Honra de Fútbol; nas competicións de LIGA, COPA e UEFA de fútbol, así como de outros partidos de carácter amistoso, a cuxo fin autorizarase, coa aprobación do expediente de contratación, a favor do Real Club Celta de Vigo, SAD, o gasto de 159.680,00 euros, dos que 27.713,06 euros corresponden ao IVE, con cargo a la aplicación orzamentaria 3410.227.99.02 "Convenios" para facer fronte ao gasto, coa seguinte distribución anual:

- 2016: 55.888,00 €. (iva incluído).
- 2017: 103.792,00 €. (iva incluído).

Cuarto.- Publicar as presentes Bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e remitir a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo. "

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

BASES REGULADORAS DA SUBVENCIÓN PARA FOMENTAR OS VALORES SOCIAIS DO DEPORTE COMO ACTIVIDADE DE OCIO ENTRE A POBOACIÓN ESCOLAR, COLECTIVOS DE DISCAPACITADOS E PERSOAS ECONOMICAMENTE DESFAVORECIDAS, FACILITANDO O SEU ACCESO AO ESTADIO DE BALAIOS PARA PRESENCIAR, DESDE A DENOMINADA GRADA DE FONDO DO ESTADIO, OS PARTIDOS DO REAL CLUB CELTA DE VIGO A CELEBRAR NO ESTADIO DE FUTBOL MUNICIPAL DE BALAIOS DURANTE A TEMPADA 2016-2017 NAS COMPETIÇÃO DE LIGA DA DIVISIÓN DE HONRA DE FÚTBOL, COPA E UEFA.

PRIMEIRA.- OBXECTO DAS SUBVENCIÓNS.

O obxecto da subvención a que se refiren as presentes bases e convocatoria é a de fomentar os valores sociais do deporte, e o fútbol en particular, como actividade de ocio, entre a poboación escolar, colectivos de discapacitados e persoas economicamente desfavorecidas, facilitando a estes colectivos o acceso ao estadio de Balaios para presenciar os partidos que o Real Club Celta de Vigo desenvolverá na presente tempada 2016-2017, correspondentes a competición de Liga na División de Honra da Liga de Fútbol Profesional, na competición de COPA e UEFA, así como de outros partidos de carácter amistoso, mediante a entrega gratuíta da entrada ao estadio.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

A entrada ao estadio para a denominada Grada de Fondo.

TERCEIRA.- COMPATIBILIDAD DAS SUBVENCIÓNS.

A presente subvención será incompatible con calquera outra outorgada para sufragar o mesmo custe.

CUARTA.- CONTÍA TOTAL DAS SUBVENCIÓNS E CONTÍA INDIVIDUALIZADA DE CADA ENTRADA.

A cantidade máxima que se destinara a estas axudas será de 159.680,00 euros, dos que 27.713,06 euros corresponden ao IVE das entradas a adquirir pola compra das mesmas. O gasto realizarase con cargo a la aplicación orzamentaria 3410.227.99.02 "Convenios". De acordo coa seguintes distribución anual correspondente o propio calendario de competición:

- 2016: 55.888,00 €. (iva incluído).
- 2017: 103.792,00 €. (iva incluído).

Tendo en conta o importe global das entradas, así como o número mínimo de partidos que se vinculan a este proxecto, a contía estimada por entrada correspondese co seguinte importe:

1.600 entradas por partido, cun mínimo de 20 partidos. O prezo estimado dunha entrada é de 4,99 €, iva incluído.

QUINTA.- PROCEDEMIENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a distribución das entradas será o de concorrencia competitiva do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa excepción prevista no seu apartado 2º, habida conta a natureza da axuda.

#### SEXTA.- REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Poderán ser beneficiarios desta axuda os escolares dos colexios públicos e concertados da cidade de Vigo de educación primaria e os seus acompañantes maiores de idade en canto acompañantes e exclusivamente en tal calidade; as persoas afectadas por discapacidades psíquicas e menores residentes en centros de acollida e os seus acompañantes maiores de idade en canto acompañantes e exclusivamente en tal calidade, así como as persoas en situación de desemprego.

#### SÉTIMA.- OBRIGACIÓNS DOS BENEFICIARIOS.

Serán obrigacións dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nas presentes Bases e Convocatoria e das sinaladas no artigo 11 de la Lei de subvencións de Galicia, no que resulte procedente habida conta da especial natureza desta axuda, as que seguen:

- As entradas que se faciliten son persoais polo que non poderán ser transferidas en ningún caso polo beneficiario. No caso de que unha vez obtida se prevea que non se poderá facer uso dela deberá devolverse ao Concello de Vigo para a súa asignación conforme aos criterios de adxudicación que se conteñen na base seguinte. Non obstante, as entradas de acompañante poderán ser utilizadas tanto polas persoas maiores de idade que accedan ao estadio en calidade de acompañantes dos escolares de educación primaria, discapacitados psíquicos e menores acollidos, como por escolares de educación primaria que non dispoñan de entrada de escolar beneficiario ou escolares de educación secundaria non beneficiarios.
- As entradas gratuitamente entregadas en ningún caso poderán ser vendidas. A eventual venta dunha destas entradas será considerada como infracción moi grave.

#### OITAVA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

A distribución das entradas realizarase nos termos que seguen:

Do número total de entradas, mil trescentas (1.300) distribuiranse entre os escolares dos colexios públicos e concertados (1.100 entradas para os centros públicos e 200 para centros concertados) de educación primaria da cidade e os seus acompañantes maiores de idade.

Trinta e cinco entradas (35) serán distribuídas entre persoas afectadas por discapacidades psíquicas e menores residentes en centros de acollida e os seus acompañantes maiores de idade.

Duascentas corenta e cinco entradas (245) serán repartidas entre persoas en situación de desemprego.

As vinte entradas (20) entradas restantes repartiranse entre voluntarios do Concello de Vigo que realizarán funcións de acompañamento, información, correcta ubicación dos asistentes e atención a boa orde da grada.

A distribución das entradas pola Administración municipal entre os escolares de educación primaria realizarase por turno entre os distintos colexios públicos e concertados do termo municipal, coa colaboración da FOANPAS (Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos de Vigo e Comarca) entre os escolares que o soliciten dos distintos colexios públicos da cidade de Vigo; os centros concertados, a través das ANPAS, remitirán a través do Rexistro do Concello de Vigo, á

Concellería de Deportes a solicitude de entradas. O reparto entre os distintos colexios o será en proporción ao número de alumnos matriculados. Cando nun concreto colexio o número de escolares solicitantes sexa inferior ao número de entradas que lle correspondan polo número de alumnos matriculados, as entradas non distribuídas se asignarán aos colexios que se atopen en situación inversa. Esta asignación farase en proporción ao número de alumnos matriculados nos mesmos. Cando nun concreto colexio exista maior número de alumnos solicitantes que entradas dispoñibles, a distribución farase por sorteo. O sorteo fixará a prelación dos alumnos a efectos de obter entrada. Os alumnos que queden privados de entrada no sorteo terán dereito a recibir, pola súa orde de prelación, as entradas non distribuídas noutros colexios.

A distribución de entradas entre as persoas afectadas por discapacidades psíquicas e menores residentes en centros de acollida e os seus acompañantes maiores de idade farase a petición das asociacións máis representativas destes colectivos entre as persoas afectadas por algunha discapacidade e menores acollidos que as ditas asociacións propoñan, acreditando a identidade do beneficiario, a discapacidade que padece e a situación de acollemento do menor. O reparto seguirá os criterios de rotación, proporcionalidade e sorteo sinalados en relación cos escolares de educación primaria.

Canto as persoas en situación de desemprego, a distribución das entradas farase a cada unha destas por orden de solicitude presencial no departamento municipal de Conserxería, acreditando tal condición.

Cando a demanda de cada un dos concretos colectivos beneficiarios da subvencións sexa menor da proposta contemplada nesta cláusula, as entradas non entregadas serán repartidas entre os outros colectivos desta convocatoria con mais demanda.

#### NOVENA.- PRAZO.

A Administración municipal, ao luns seguinte ao fin de semana no que se dispute un partido de fútbol no estadio de Balaidos, iniciará as actuacións conducentes a determinar os colexios públicos entre os que se distribuirán as entradas e os alumnos entre os que se repartirán estas, conforme aos criterios de adjudicación sinalados na base oitava, a cuxo fin solicitarase colaboración da FOANPAS.

No mesmo día iniciaranse as actuacións necesarias para determinar as persoas con discapacidade psíquica e os menores acollidos en centros de acollida aos que se repartirán as entradas, solicitando ao efectos coa antelación suficiente informe das asociacións representativas dos ditos colectivos.

As persoas en situación de desemprego, poderán solicitar a entrada a partir do martes de semana na que se xogue o partido no estadio de Balaidos. A distribución das entradas farase a cada unha destas por orden de solicitude presencial no departamento municipal de Conserxería, acreditando tal condición.

#### DÉCIMA.- DOCUMENTACIÓN.

Os solicitantes de entrada gratuíta ao estadio ou, no seu caso, os seus representantes deberán acreditar, segundo corresponda, a condición de escolar de educación primaria do colexio a que por turno corresponda o reparto de entrada, a discapacidade padecida, a residencia en centro de acollida de menores e no seu caso para os parados a condición de desempregado.

Os maiores acompañantes e os desempregados deberán asinar declaración responsable de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social, de acordo co modelo que lle será facilitado polo Concello de Vigo.

#### DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE.

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO). Remitirase da mesma forma a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será

quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

#### DÉCIMO SEGUNDA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA LA INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO PARA A ADQUISICIÓN E DISTRIBUCIÓN DAS ENTRADAS.

A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento para a adquisición e distribución das entradas entre os posibles beneficiarios e realizará de oficio, para cada partido a disputar no estadio de Balaidos, cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deban distribuírse aquelas. Realizadas as actuacións pertinentes para a determinación dos beneficiarios das entradas nos prazos sinalados na base novena, o Concelleiro delegado de deportes resolverá a entrega das entradas en favor dos beneficiarios que no procedemento se determinen.

#### DÉCIMO TERCEIRA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONS.

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que da subvención será comprobada pola Concellería Delegada de Deportes, cuxo Xefe de Servizo recabará informe do Real Club Celta de Vigo, SAD en relación cos devanditos extremos e emitirá informe ao respecto facendo constar todas aquelas circunstancias relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

#### DÉCIMO CUARTA.- OBRIGACIÓN DE INFORMACIÓN.

Os beneficiarios deberán facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Administración municipal en relación coa actividade subvencionada e a utilización da entrada entregada.

#### DÉCIMO QUINTA.- REINTEGRO DE LAS SUBVENCIONES. RÉGIMEN DE INFRACCIÓN E SANCIONS.

Reintegro de las subvencions.

Procederá o reintegro do prezo da entrada recibida e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento da entrega da entrada ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

- a) Obtención da entrada falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impidan.
- b) Transmisión gratuíta ou onerosa da entrada recibida.
- c) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións municipais de comprobación e control.

Infraccións e Sancions.

As infraccións e sancions en que poderán incurrir os beneficiarios desta axuda serán, no que resulte procedente, habida conta as particularidades da presente acción de fomento, as previstas no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencions de Galicia.

A cesión gratuíta da entrada será considerada como infracción grave e, amais do reintegro do prezo, será sancionada con multa pecuniaria do tanto ao dobre do prezo de venda ao público da entrada para a Grada de Gol no concreto partido de que se trate.

A cesión por prezo da entrada gratuitamente recibida será considerada como infracción moi grave e, amais do reintegro do prezo da entrada, será sancionada con multa do triplo do prezo de venda ao público da entrada para a Grada de Gol no concreto partido de que se trate.

O procedemento para a apreciación das mesmas e imposición das sancións procedentes será o establecido no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

#### DÉCIMO SEXTA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos persoais das solicitantes e, no seu caso, os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións, obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación, en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os devanditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e Real decreto 1720/2007, de desenvolvemento da LOPD. O responsable do seu tratamento será o Concello de Vigo, como administración concedente da subvención.

En todo caso, o Concello de Vigo non aplicará ou utilizará con outra finalidade os datos, nin tampouco os comunicará en ningún caso a outras persoas ou entidades, agás excepcións legais ou por mandato do titular da información.

O Concello de Vigo comprométese a cumprir e facer cumprir o deber de segredo profesional e de confidencialidade que abarcará calquera información ou dato que puidese coñecer, con ocasión da xestión desta subvención, en especial aos de carácter persoal de acordo co establecido no artigo 10 da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal.

Os beneficiarios e, no seu caso, os seus representantes, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo, nos termos previstos na citada Lei 15/1999.

#### DÉCIMO SÉTIMA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

As presentes bases e a convocatoria rexeranse, ademais de polas bases reguladoras que nela se conteñen, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento desta última norma, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; as bases de execución dos orzamentos do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN PARA FOMENTAR OS VALORES SOCIAIS DO DEPORTE COMO ACTIVIDADE DE OCIO ENTRE A POBOACIÓN ESCOLAR, COLECTIVOS DE DISCAPACITADOS E PERSOAS ECONÓMICAMENTE DESFAVORECIDAS, FACILITANDO O SEU ACCESO AO ESTADIO DE BALAIÍDOS PARA PRESENCIAR, DESDE A DENOMINADA GRADA DE FONDO DO ESTADIO, OS PARTIDOS QUE DISPUTARÁ O REAL CLUB CELTA DE VIGO NA PRESENTE TEMPADA 2016-2017 DA DIVISIÓN DE HONRA DE FÚTBOL, NAS COMPETICIÓN DE LIGA, COPA E UEFA.

O obxecto da convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das

competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

#### PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto da subvención a que se refire a convocatoria é a de fomentar os valores sociais do deporte, e o fútbol en particular, como actividade de ocio, entre a poboación escolar, colectivos de discapacitados e persoas economicamente desfavorecidas, facilitando a estes colectivos o acceso ao estadio de Balaidos para presenciar os partidos que o Real Club Celta de Vigo desenvolverá na presente tempada 2016-2017, correspondentes a competición de Liga na División de Honra da Liga de Fútbol Profesional, nas competicións de COPA e UEFA, así como de outros partidos de carácter amistoso, mediante a entrega gratuíta da entrada ao estadio.

#### SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima que se destinara a estas axudas será de 159.680,00 euros, dos que 27.713,06 euros corresponden ao IVE das entradas a adquirir pola compra das mesmas. O gasto realizarase con cargo a la aplicación orzamentaria 3410.227.99.02 "Convenios". De acordo coa seguintes distribución anual correspondente o propio calendario de competición:

- 2016: 55.888,00 €. (iva incluído).
- 2017: 103.792,00 €. (iva incluído).

#### TERCEIRA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Poderán ser beneficiarios desta axuda os escolares dos colexios públicos ou concertados de educación primaria e os seus acompañantes maiores de idade en canto acompañantes e exclusivamente en tal calidade; as persoas afectadas por discapacidades psíquicas e menores residentes en centros de acollida e os seus acompañantes maiores de idade en canto acompañantes e exclusivamente en tal calidade, así como as persoas en situación de desemprego.

#### CUARTA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a distribución das entradas será o de concorrencia competitiva.

#### QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

A Administración municipal, ao luns seguinte ao fin de semana no que se dispute un partido de fútbol no estadio de Balaidos, iniciará as actuacións conducentes a determinar os colexios públicos entre os que se distribuirán as entradas e os alumnos entre os que se repartirán estas, conforme aos criterios de adxudicación sinalados na base oitava.

No mesmo día iniciaranse as actuacións necesarias para determinar as persoas con discapacidade psíquica e os menores acollidos en centros de acollida aos que se repartirán as entradas.

As persoas en situación de desemprego, poderán solicitar a entrada a partir do martes de semana na que se xogue o partido no estadio de Balaidos.

#### SEXTA.- BASES REGULADORAS.

A convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial e na paxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

#### SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento para a adquisición e distribución das entradas entre os posibles beneficiarios. Realizadas as actuacións pertinentes para a determinación dos beneficiarios das entradas nos prazos sinalados na base novena, o Concelleiro delegado de deportes resolverá a entrega das entradas en favor dos beneficiarios que no procedemento se determinen.



#### OITAVA.- DOCUMENTACIÓN.

Os solicitantes de entrada gratuíta ao estadio ou, no seu caso, os seus representantes deberán acreditar, segundo corresponda, a condición de escolar de educación primaria do colexio a que por turno corresponda o reparto de entrada, a discapacidade padecida, a residencia en centro de acollida de menores e no seu caso para os parados a condición de desempleado.

Os maiores acompañantes e os desempregados deberán asinar declaración responsable de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social, de acordo co modelo que lle será facilitado polo Concello de Vigo.

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local de data ....., polo que se aproba a convocatoria de subvención para fomentar os valores sociais do deporte como actividade de ocio entre a poboación escolar, colectivos de discapacitados e persoas economicamente desfavorecidas, facilitando o seu acceso ao estadio de Balaidos para presenciar, desde a denominada grada de fondo do estadio, os partidos que disputará o real club celta de vigo na presente tempada 2016-2017 da división de honra de fútbol, nas competicións de liga, copa, UEFA e amigables.

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

#### PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

Fomentar os valores sociais do deporte, e o fútbol en particular, como actividade de ocio, entre a poboación escolar, colectivos de discapacitados e persoas economicamente desfavorecidas, facilitando a estes colectivos o acceso ao estadio de Balaidos para presenciar os partidos que o Real Club Celta de Vigo desenvolverá na presente tempada 2016-2017.

#### SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima que se destinara a estas axudas será de 159.680,00 euros, dos que 27.713,06 euros corresponden ao IVE, con cargo a la aplicación orzamentaria 3410.227.99.02 "Convenios". De acordo coa seguintes distribución anual correspondente o propio calendario de competición:

- 2016: 55.888,00 €. (iva incluído).
- 2017: 103.792,00 €. (iva incluído).

#### TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.

Escolares dos colexios públicos e concertados de educación primaria e os seus acompañantes maiores de idade en canto acompañantes e exclusivamente en tal calidade; as persoas afectadas por discapacidades psíquicas e menores residentes en centros de acollida e os seus acompañantes maiores de idade en canto acompañantes e exclusivamente en tal calidade, así como as persoas en situación de desemprego.

#### CUARTA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

#### QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

A Administración municipal, ao luns seguinte ao fin de semana no que se dispute un partido de fútbol no estadio de Balaidos, iniciará as actuacións conducentes a determinar os colexios públicos entre os que se distribuirán as entradas e os alumnos entre os que se repartirán estas e no mesmo día iniciaránse as actuacións necesarias para determinar as persoas con discapacidade psíquica e os menores acollidos en centros de acollida aos que se repartirán as entradas.

As persoas en situación de desemprego, poderán solicitar a entrada a partir do martes da semana na que se xogue o partido no estadio de Balaidos.

#### SEXTA.- BASES REGULADORAS.

A convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial e na web [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

#### SÉTIMA.- DOCUMENTACIÓN.

Os solicitantes ou, no seu caso, os seus representantes, deberán acreditar, segundo corresponda, a condición de escolar de educación primaria do colexio a que por turno corresponda o reparto de entrada, a discapacidade padecida, a residencia en centro de acollida de menores e no seu caso para os parados a condición de desempregado.

#### **5(926).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DE ENTRADAS PARA OS PARTIDOS DO R.C.CELTA DE VIGO, PARA FOMENTAR OS VALORES SOCIAIS DO DEPORTE COMO ACTIVIDADE DE OCIO ENTRE A POBOACIÓN ESCOLAR, COLECTIVOS DE DISCAPACITADOS E PERSOAS ECONOMICAMENTE DESFAVORECIDAS, FACILITANDO O SU ACCESO AO ESTADIO DE BALAIÓDOS, TEMPADA 2016-2017. EXPTE. 15293/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23/09/16 e o informe de fiscalización do 27/09/16, dáse conta do informe-proposta do 23/09/16, do coordinador deportivo, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

*“No expediente núm. 15294/333, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a aprobación das bases reguladoras e convocatoria de subvención para fomentar os valores sociais do deporte como actividade deportiva e de ocio entre a poboación escolar, colectivos de discapacitados e persoas economicamente desfavorecidas, facilitando o seu acceso ao estadio de Balaídos para presenciar, desde a denominada Grada de Fondo do estadio, os partidos que disputará o Real Club Celta de Vigo na tempada deportiva 2016-2017 da División de Honor de Fútbol; nas competicións de LIGA, UEFA e COPA de fútbol, así como de outros partidos de carácter amistoso.*

*Dita acción de fomento require, e así se contempla no informe proposta do devandito expediente subvencional, a adquisición de 1.600 entradas á Grada de Fondo para cada un dos partidos que disputará o RCC no estadio de Balaidos na tempada deportiva 2016/2017; en total 32.000 entradas, por un precio unitario por entrada estimado de 4,99 € —IVE incluído—, que fai un total dun gasto de 159.680,00 euros, dos que 27.713,06€ corresponden ao IVE, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.227.99.02 "Convenios" e coa seguinte distribución anual:*

- 2016: 55.888,00 €. (iva incluído).*
- 2017: 103.792,00 €. (iva incluído).*

*Con data 30 de agosto, por resolución do Concelleiro de Deportes autorizase o inicio das actuacións conducentes á contratación da adquisición de 1.600 entradas por partido para á*

*Grada de Fondo do estadio de Balaídos, para presenciar os partidos que disputará o Real Club Celta de Vigo na tempada deportiva 2016-2017 da División de Honor de Fútbol; nas competicións de LIGA, UEFA e COPA de fútbol, así como de outros partidos de carácter amistoso*

*No presente expediente inclúense a seguinte documentación:*

- *Memoria xustificativa do contrato.*
- *Prego de prescricións técnicas particulares, redactado polo coordinador deportivo, con data de 30 de agosto de 2016.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 9 de setembro de 2016.*
- *Informe xurídico de data 23 de setembro de 2016.*

*Encumprimento do art. 22 do TRLCSP, os aspectos relacionados coa natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrirse mediante o presente contrato, así como da idoneidade do obxecto e contido, son os definidos na memoria xustificativa do contrato e no informe proposta de inicio do mesmo que constan no presente expediente.*

*Na redacción do prego de cláusulas administrativas particulares, destácanse os seguintes aspectos:*

- *O presente contrato cualifícase como de compravenda e ten a consideración de contrato privado consonte o disposto no artigo 20 de TRLCSP.*
- *O obxecto do presente contrato é a adquisición de 1.600 entradas por partido para á Grada de Fondo do estadio de Balaídos, para presenciar os partidos que disputará o Real Club Celta de Vigo na tempada deportiva 2016-2017 da División de Honor de Fútbol; nas competicións de LIGA, UEFA e COPA de fútbol, así como de outros partidos de carácter amistoso, para fomentar os valores sociais do deporte, entre a poboación escolar, colectivos de discapacitados e persoas economicamente desfavorecidas e desempregados, facilitando o seu acceso ao Estadio de Balaídos.*
- *O prezo do contrato é de 159.680,00 euros, dos que 27.713,06€ corresponden ao IVE*
- *O gasto imputarase a aplicación orzamentaria 3410.227.99.02 "Convenios" e coa seguinte distribución anual:*
  - *2016: 55.888,00 €. (iva incluído).*
  - *2017: 103.792,00 €. (iva incluído).*

*A imputación do gasto atópase relacionada coas retencións realizadas no expediente 15294/333, en relación a convocatoria de subvencións.*

- *O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo 88 TRLCSP, é de 131.966,04 euros.*
- *O presente contrato se desenvolverá desde o data da súa sinatura, ata o fin da tempada oficial 2016-2017.*
- *O contrato adxudicarase aplicando o procedemento negociado sen publicidade, consonte o disposto no artigo 170.d) TRLCSP por canto a prestación, susceptible de acadar as finalidades que o contrato persegue, so poder ser contratada cun empresario determinado: o Real Club Celta de Vigo, SAD.*
- *O pagamento do prezo do contrato farase de acordo cos seguintes prazos:*

O pagamento do prezo do contrato farase de acordo cos seguintes prazos:

Anualidade 2016:

- 1er pago: no mes de outubro de 2016, unha vez celebrados como mínimo 3 dos 20 partidos establecidos como mínimo, por un importe total de 23.952,00 € (ive incluído)
- 2º pago: no mes de novembro de 2016, unha vez celebrados como mínimo 5 dos 20 partidos establecidos como mínimo, por un importe total de 15.968,00 € (ive incluído)
- 3º pago: no mes de decembro de 2016, unha vez celebrados como mínimo 7 dos 20 partidos establecidos como mínimo, por un importe total de 15.968,00 € (ive incluído)

Anualidade 2017:

- 1er pago: no mes de febreiro de 2017, unha vez celebrados como mínimo 13 dos 20 partidos establecidos como mínimo, por un importe total de 47.904,00 € (ive incluído)
- 2º pago: no mes de marzo de 2017, unha vez celebrados como mínimo 15 dos 20 partidos establecidos como mínimo, por un importe total de 15.968,00 € (ive incluído)
- 3º pago: no mes de abril de 2017, unha vez celebrados como mínimo 19 dos 20 partidos establecidos como mínimo, por un importe total de 31.936,00 €. (ive incluído)
- 4º pago: no mes de maio de 2017, unha vez celebrados como mínimo os 20 partidos establecidos como mínimo, por un importe total de 7.984,00 €. (ive incluído)

Tendo en conta a proposta de pagos, si a previsión de partidos realizados nun período non fora executada, se procederá o pago indicado minorando o importe previsto, pola cifra resultante de multiplicar o número de partidos non celebrados polo importe de 7.984,00€. Así mesmo se dentro dalgún período (2016 ou 2017) debido ó cambio da programación foran celebrados mais encontros se procederá a facturar o importe indicado aumentando o importe previsto, pola cifra resultante de multiplicar o número de partidos celebrados a mais dos previstos polo importe de 7.984,00 iva incluído (21%). En todo caso non poderá superarse o importe máximo para cada anualidade.

Os importes indicados nos apartados anteriores en relación o pagamento do contrato, teñen a condición de máximos xa que se atopan calculados en relación o prezo de licitación, polo cal, ditos importes serán axustados o importe definitivo correspondente a adxudicación do contrato para cada un dos partidos

O pagamento dos servizos do contrato efectuarase previa achega da correspondente factura. Na mesma deberán identificarse os partidos celebrados no período, así como o número de entradas emitido.

A factura electrónica a emitir deberá axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FAcE - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

UNIDADE TRAMITADORA: GE0000661 DEPORTES

OFICINA CONTABLE: GE0000575 SERVIZOS ECONÓMICOS / INTERVENCIÓN

ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO

- No presente contrato non procede a revisión de prezos.
- Pola natureza das prestacións obxecto deste contrato non procede establecer prazo de garantía.
- Non se prevé a modificación do contrato.

Previamente a sometelo á aprobación da Xunta de Goberno do Concello de Vigo como órgano de contratación, procede emitir informe de fiscalización favorable, a Intervención Xeral (artigo 109.3 da LCSP).

Por último, a competencia para a aprobación do expediente, a autorización do gasto e a apertura do procedemento licitatorio, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación, de conformidade co disposto no apartado sétimo da disposición adicional segunda do TRLCSP.

Por isto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- 1º.- Aprobación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte o disposto no artigo 170.d) TRLCSP, para o contrato da adquisición de 1.600 entradas por partido, cun mínimo de 20 partidos, para á Grada de Fondo do estadio de Balaídos, para presenciar os partidos que disputará o Real Club Celta de Vigo na tempada deportiva 2016-2017 da División de Honor de Fútbol; nas competicións de LIGA, UEFA e COPA de fútbol, así como de outros partidos de carácter amistoso, ata a fin da presente tempada oficial 2016-2017, para fomentar os valores sociais do deporte, entre a poboación escolar, colectivos de discapacitados e persoas economicamente desfavorecidas, facilitando o seu acceso ao Estadio de Balaídos.
- 2º.- Aprobación o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado polo Coordinador deportivo, con data de 30 de agosto de 2016.
- 3º.- Aprobación o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 09 de setembro de 2016.
- 4º.- Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de 159.680,00 euros, dos que 27.713,06€ corresponden ao IVE. O gasto imputarase a aplicación orzamentaria 3410.227.99.02 "Convenios" e coa seguinte distribución anual:
  - 2016: 55.888,00 €. (iva incluído).
  - 2017: 103.792,00 €. (iva incluído).

A imputación do gasto atopase relacionada coas retencións realizadas no expediente 15294/333, en relación a convocatoria de subvencións.

O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo 88 TRLCSP, é de 131.966,04 euros.

5º.- *Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.*

6º.- *Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.